



CONCELLO DE REDONDELA

**ACTA** DO CONSELLO PARROQUIAL DO VISO  
XUNTANZA ORDINARIA 30 DE DECEMBRO DE 2014

ORDE DO DÍA

- 1.- Aprobación acta sesión anterior (de 13/11/2014).
- 2.- Situación e estado dos orzamentos Participativos 2014.
- 3.- Estado da proposta de aparcadoiro para a antiga Escola de Tuimil.
- 4.- Posible abastecemento de auga pública para depósito de ADIF.
- 5.- Situación do acordo Plenario, na Deputación, sobre a estrada do Viso
- 6.- Avances nas propostas do derradeiro Consello parroquial.
- 7.- Propostas para Orzamentos Participativos 2015
- 8.- Resultados de analíticas de Fontes.
- 9.- Varios (Rogos e preguntas).

No antigo Preescolar do Viso, sendo as vinte horas e trece minutos, do día trinta de decembro de dous mil catorce, previa convocatoria, reuníronse os/as seguintes integrantes:

- Fernando Covelo Rodríguez, representante do PS de G – PSOE
- Luis Medal Fiel, representante de AER
- Manuel Freire Collazo, representante das asociacións veciñais
- \*M<sup>a</sup> Jose Acevedo Santoro, representante das asociacións veciñais
- Serafín Sobral Bouzon, representante das asociacións veciñais.
- Soledad Vidal Dasilva, representante das asociacións culturais
- \*Fernando Veiga Estévez, representante das comunidades de montes
- Jose Manuel Campelos Mariño, representante das comunidades de augas
- \*Alberto Couñago Castellano, representante das comunidades de augas

Comparece a esta reunión do Consello, a Concelleira de Parques , Xardíns e Limpeza viaria, Dona M<sup>a</sup> Jose Barciela Barros.

Todos/as eles/as baixo a Presidencia, por delegación do Sr. Alcalde, de JESÚS CRESPO LÓPEZ, e asistidos/as de min, Miguel Angel Míguez Novelle, coa finalidade de celebrar a xuntanza do Consello Parroquial do Viso convocada para o día de hoxe.



## CONCELLO DE REDONDELA

Pola Presidencia, declarouse aberta a sesión, pasándose a tratar a Orde do Día.

### **1.- Aprobación da acta anterior**

Sométese a votación a acta do Consello Parroquial ordinario celebrado en data 13.11.2014.

Non existindo esta rectificacións a acta queda aprobada pola maioría das/os membros asistentes á xuntanza.

### **2.- Situación e estado dos orzamentos Participativos 2014.**

O Presidente informa que todo está colocado e que faltaría por rematar os puntos de alumado público solicitados e que se tendra que corrixir o lugar no que se colocou algunha das barandillas instaladas en Soutoxusto, para o cal falará co concelleiro de Vías e obras para rectificar o lugar onde se instalou a barandilla de abaixo.

O Presidente tamén informa xa se adencentou a fonte do campo, quedando empedrada como se solicitará.

Tamén informa que coas actuacións realizadas xa se esgotou o orzamento para participativos do ano 2014, quedando temas menores solicitados no anterior Consello parroquial do 13-11-14 para ao exercicio de 2015.

### **3.- Estado da proposta de aparcadoiro para a antiga Escola de Tuimil.**

O Presidente informa da reunión que se tivo co propietario dos terreos (Suso Nogueira), estando pendentes tamén do informe do arquitecto técnico do Concello, o respecto da posibilidade de alugar ou mercar dito terreo, que en todo caso non daría para máis de 6 ou 7 prazas de aparcamento, quedando en todo caso pendente a posible situación de ditas prazas aparcamento por futuras sesións do consello parroquial

### **4.- Posible abastecemento de auga pública para depósito de ADIF.**

Manuel Freire Collazo informa da existencia de unha poza fora dos terreos expropiados por ADIF e que se situaron mangueiras ata dita poza, e



## CONCELLO DE REDONDELA

que pensa que ADIF usará esa poza para uso propio. Indicase que os regantes que usaban esa poza foron todos expropiados, pero que dita poza quedou fora da expropiación.

\* Sendo as 20:25 presentase Dona M<sup>a</sup> Jose Acevedo Santoro, representante das asociacións veciñais.

O Presidente di que falará co Concelleiro de Vías e Obras e co Concelleiro de Medio ambiente para que lle aporten información o respecto, tamén que por aclarar como se denomina dita poza.

### **5.- Situación do acordo Plenario, na Deputación, sobra a estrada do Viso.**

O Presidente informa da remisión do acordo Plenario á Deputación Provincial, estando a esta data pendentes de contestación por parte da mesma.

\* Sendo as 20:27 presentase Don Alberto Couñago Castellano, representante das comunidades de augas.

Indica o Presidente que cando se teña constancia da contestación da Deputación, procederase a informar a este Consello parroquial.

O respecto de este tema Don Manuel Freire Collazo informa que no mesmo Pleno de presentación da moción o Sr. Reguera (Concelleiro do PS-G /PSOE no concello de Redondela) indicoulle que recibirá un mensaxe telefónico informandolle que nos orzamentos da Deputación provincial para 2015 non figuraba dotación para dita obras.

### **6.- Avances nas propostas do derradeiro Consello parroquial.**

O Presidente informa que este derradeiro mes se dedicou todo o tempo as obras dos orzamentos participativos, non se puido atender a outras demandas. Esperando que coa entrada do novo ano se irán realizados ditas demandas pouco a pouco.

### **7.- Propostas para Orzamentos Participativos 2015.**

O Presidente solicita dos asistentes que vaian preparando anticipadamente as futuras actuacións ou solicitudes para o novo exercicio

Luis Medal Fiel indica que cando se formulou a idea dos orzamentos participativos para as parroquias, pensaronse cun fin máis amplo que a simple realización de pequenas de obras cada ano, e que deberían abarcar temas



## CONCELLO DE REDONDELA

máis variados, como por exemplo gastos en conciliación. Así como que debería existir unha secretaria de Participativos.

\* Sendo as 20:31 presentase Don Fernando Veiga Estévez, representante das comunidades de montes

### **8.- Resultado de analíticas de Fontes.**

O Presidente pasa a detallar os resultados de analíticas de fontes realizados nesta parroquia, 5 en total todas elas co resultado de aptas para o consumo, así como 2 fontes inaccesibles.

- As fontes analizadas foron:
- Cuberto de fontan (Soutoxusto)
  - Cuncheiro (Soutoxusto)
  - Lavadoiro do Pazo (inaccesible)
  - Fonte da Nogueira (O Viso)
  - Fonte curva 7 fontes
  - fonte parque Loureiro
  - Fonte do alto (inaccesible)

### **9.- Varios (Rogos e preguntas).**

Manuel Freire pregunta pola situación muro situado cerca da do “Ganga” xa que este está cedendo rapidamente estando en moi mal estado ante posible novas chuvias.

M<sup>a</sup> Jose Barciela Barros (Concelleira de parques e xardíns) informa que este muro esta pendente da realización de unha relación valorada por parte de arquitecto técnico do Concello.

Manuel Freire Collazo pregunta polo coñecemento por parte dos Concelleiros da próxima instalación de unha planta cetarea na zona costeira de Soutoxusto, xa que lle dixeron xa tiñan bastante avanzados permisos para a toma de electricidade xa aprobadas por parte Asoc. Montes o transcorrer por terreo seus, tamén cree recordar que este tema se tratou nun Pleno. Indica que estes temas debería ter coñecemento previamente a súa autorización, tanto por parte da Cofradia de pescadores como das diversas asociacións veciños afectadas, para posibles afección ou reclamacións.

Fernando Veiga Estevez, como responsable comunidade montes informa de onde cree que se situara dita planta cetarea e dos tramites con eles realizados.

O Presidente, como a Concelleira de parques e xardíns presentes informan de que descoñecen calquera información o respecto.



## CONCELLO DE REDONDELA

Fernado Veiga Estevez pregunta en que departamento do Concello pode informarse da situación de titularidade de calquera terreo publico. Sendo informado por parte do Presidente que debe dirixirse o departamento de Patrimonio.

Neste mesmo sentido pregunta como segue a situación so campo de futbito da Gandara.

O Presidente informa que todo (tanto no relativo o campo de fútbol como da pista de futbito) sigue pendente dunha futura reunión entre C.D.Cesantes, C. De Montes e o Concello, para acordar posibles cesións de terreos, e de seguido poder solicitar apartacións ou intervencións nos mesmos por parte da Deputación Provincial

M<sup>a</sup> Jose Barciela Barros, concelleira de parques e xardíns infórmalle as distintas asociacións das convocatorias que ten a Deputación provincial para este tipo de entes, tanto no sentido de subvencionar obras de locais propios (como así constan a convocatoria do ano 2014 con respecto a subv. para reparación fachada local de Saramagoso) como de outro tipo de obras, xa que por parte de outras parroquias si constan bastantes solicitudes subvencións para estes fins en contraposición de solo unha por parte da parroquia do Viso. Relacionado de seguido algunha das subvencións solicitadas por outras parroquias.

M<sup>a</sup> Jose Acevedo Santoro solicita se notifiquen con maior antelación as convocatorias de celebración do Consello parroquial, e se pode ser se confirme telefonicamente as mesmas (aínda que esto non é obrigatorio), xa que ele non recibiu a notificación e outros membros a recibiron o mesmo día o non a recibiron (relativas o correo postal) en contraposición de outros membros que si a recibiran había tres días. Tamén solicita que se proceda a repoñer a sinal de stop do cruce do Escredo.

Jose Manuel Campelos Mariño comunica que despois da obras realizadas na fonte do Muiño, esta sigue perdendo auga (cando esta chea) por unha das súas esquinas.

Para rematar o Presidente informa os asistentes do próximo cambio na presidencia de este Concello Parroquial, que partires da seguinte sesión parará a presidir a Concalleira M<sup>a</sup> Jose Barciela Barros, concelleira de parques e xardíns.

E, non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levantouse a sesión, sendo as vinteunha horas e vintecinco minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que se estende a presente ACTA, da que, como Secretario do Consello, DOU FE.